



CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA PARA A OBTENCIÓN DE DATOS DE XENOTIPADO, ACTIVIDADES CIENTÍFICAS E DE INVESTIGACIÓN E OUTRAS DE INTERESE PARA AS PARTES NO ÁMBITO DA MEDICINA XENÓMICA

Santiago de Compostela, a 14 de abril de 2020

COMPARECEN

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; e na súa condición de presidente do padroado da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, segundo determina o artigo 10 dos seus Estatutos; así como co que dispoñen os Decretos 136 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, **D. Antonio López Díaz**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con CIF Q1518001A, e domicilio en Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, nomeado mediante o Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG núm. 106, do 5 de xuño), en representación de esta e en virtude das facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e en representación do Nodo do Centro Nacional de Xenotipado vencellado a esta.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica.

O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo dotado de personalidade xurídica propia, adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro. Ten entre as súas funcións: a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo; a política de relación con outras Administracións Públicas; así como o desenvolvemento de programas de formación e docencia dos seus profesionais dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei 6/2011, do 21 de decembro, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.



SEGUNDO.- A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (en adiante FPGMX) ten a condición de fundación do sector público autonómico de Galicia, é unha entidade sen ánimo de lucro, de interese galego, con personalidade xurídica propia, que ten afectado de forma duradeira o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se detallan nos seus estatutos.

Que segundo o artigo 6 dos seus estatutos se enumeran os fins de interese xeral da Fundación, entre os que se atopan garantir o acceso os cidadáns a probas xenómicas, promover o desenvolvemento da medicina xenómica competitiva en Galicia, dispoñer de recursos tecnolóxicos e humanos necesarios para o eficaz desenvolvemento da investigación xenómica en Galicia, a integración en redes nacionais e internacionais existentes no ámbito clínico como de investigación molecular, promover a constitución de equipos multidisciplinares para o desenvolvemento de proxectos e traballos de xenómica.

Para o cumprimento dos fins de interese xeral, poderase realizar de maneira directa ou a través de contratos, concertos e convenios de colaboración con terceiras persoas ou entidades.

Que segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

Que no marco da investigación xenómica e molecular, a USC conta dende 2003 cun nodo do Centro Nacional de Genotipado (en adiante CeGen-USC), definido como plataforma tecnolóxica e que actualmente forma parte da Plataforma en Rede de Recursos Biomoleculares do *Instituto de Salud Carlos III* (ISCIII).

A actividade principal do CeGen-USC é realizar proxectos de xenotipado, análise de metilación do ADN e servizos complementarios (extracción, cuantificación, normalización, amplificación, purificación e verificación da integridade do ADN), ademais de tarefas de control de calidade, asesoramento científico - técnico e soporte na análise de datos xenómicos.

TERCEIRO.- Con data 16 de xaneiro de 2019 formalizouse entre as partes un Convenio Marco de actuación para a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o seu organismo autónomo o Servizo Galego de Saúde, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades científicas, pedagóxicas, de investigación e outras que sexan de interese para as partes no ámbito da medicina xenómica mediante a sinatura de acordos ou Convenios específicos de colaboración.

Na cláusula primeira do convenio marco prevese que *“para a materialización dos proxectos de desenvolvemento do obxecto deste convenio, no marco das súas dispoñibilidades orzamentarias, deberán firmarse acordos ou convenios específicos de colaboración”*.

Por outra banda, na cláusula terceira do mesmo convenio marco prevíase que *“ningún proxecto ou programa de actuación poderá realizarse sen estar, previamente, definido e regulado nun convenio específico”*.

Os convenios específicos que se realicen vinculados a este convenio marco, deberán se aprobados, de se-lo caso, polos órganos de goberno das institucións e asinados polos seu/súas representantes legais, de acordo co sinalado en cada caso pola normativa que resulte de aplicación.”

CUARTO.- Este Convenio específico ten natureza administrativa e queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o establecido no seu artigo 6.1 da citada lei.



Así, o artigo 6.1 da Lei 9/2017 antes citada, determina que quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados na mesma ou en normas administrativas especiais, celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

No caso que nos ocupa, trátase dun convenio específico establecido entre a administración sanitaria e unha universidade pública galega, que trae causa dun convenio marco previo, e que ten por obxecto actividades científicas e de investigación.

Ademais, a lei condiciona dita exclusión ao cumprimento das seguintes condicións:

a) Que as entidades intervinientes non deben ter vocación de mercado. Neste caso, a finalidade da colaboración é a realización de traballos destinados á obtención de datos de xenotipado de variantes xenéticas e a análise de niveis de metilación, en mostras de ADN humano para a posterior análise e diagnóstico, de conformidade co Plan de traballo recollido no propio convenio. Dita actividade reverterá en beneficio e interese das persoas usuarias do Sistema Público de Galicia, xa que a FPGMX ten entre as súas finalidades (art. 6 dos estatutos aprobados por Decreto 451/2003, de 26 de decembro) garantir o acceso dos cidadáns a probas xenómicas útiles que precisen, en condicións de equidade, a través da definición dunha carteira de servizos de medicina xenómica, baseada en criterios de seguridade, eficiencia e efectividade; promover o desenvolvemento dunha medicina xenómica competitiva en Galicia, tanto no ámbito clínico coma no da investigación molecular; dispor os recursos tecnolóxicos e humanos necesarios para o eficaz desenvolvemento da investigación xenómica en Galicia; promover a coordinación cos servizos hospitalarios da rede sanitaria pública de Galicia, e a constitución de equipos multidisciplinares, integrados por clínicos, xenetistas, informáticos, enxeñeiros, investigadores de base, e outros profesionais necesarios para o desenvolvemento de proxectos e traballos na xenómica.

Ademais, queda excluído do convenio a obtención dun beneficio económico directo para as partes, xa que a dotación económica destinarase integramente á adquisición dos materiais necesarios para a realización das análises e probas técnicas necesarias dentro o obxecto do convenio.

b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles atinxen se prestan de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común.

No caso presente, as partes xa tiñan establecido previamente un convenio marco para actividades científicas, pedagóxicas, de investigación e outras de interese para as partes no ámbito da medicina xenómica.

Ademais, a FPGMX ten como beneficiarios as institucións, organismos e dispositivos que integran a rede galega de atención sanitaria de utilización pública, tanto no nivel de atención primaria coma no de atención especializada, respecto dos que se establecerá a necesaria coordinación coa fundación (art 7.1 dos estatutos fundacionais).



c) O terceiro requisito da exclusión é que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Tal como temos manifestado anteriormente, queda excluído do convenio a obtención dun beneficio económico directo para as partes, xa que a dotación económica destinarase integramente á adquisición dos materiais necesarios para a realización das análises e probas técnicas necesarias dentro o obxecto do convenio. Ademais, do seu resultado beneficiaranse os dispositivos de atención sanitaria pública e, por ende, as persoas usuarias dos mesmos.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente Convenio específico de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- OBXECTO

O obxecto deste Convenio específico é materializar e regular a colaboración entre a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a Universidade de Santiago de Compostela, a través do CeGen-USC, para a realización de traballos destinados á obtención de datos de xenotipado de variantes xenéticas e análise de niveis de metilación, en mostras de ADN humano para a posterior análise e diagnóstico, de conformidade co Plan de traballo recollido neste convenio.

SEGUNDA.- PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

No marco deste Convenio, tanto a FPGMX como o CeGen-USC poderán autorizar ao seu persoal para que desenvolva actividades previstas no presente convenio en instalacións da outra entidade, sen que iso supoña ningunha alteración na relación xurídica e contractual do persoal con cadansúa institución de orixe. Este persoal estará obrigado, en todo caso, a cumprir coas normas internas que rexan no centro de destino.

As persoas titulares ou responsables dos centros de traballo adoptarán as medidas necesarias para que dito persoal reciba a información e as instrucións adecuadas, en relación cos riscos existentes no centro de traballo e coas medidas de protección e prevención correspondentes, así como sobre as medidas de emerxencia a aplicar.

Cada parte determinará e comunicará á outra as categorías profesionais e as funcións xerais do persoal autorizado para o desenvolvemento das actividades previstas no presente convenio específico.

TERCEIRA.- EQUIPAMENTO

De conformidade co previsto na cláusula oitava do convenio marco, os bens aportados por cada parte serán sempre da súa propiedade, e poderán ser usados de xeito compartido para o cumprimento dos fins previstos en cada convenio específico.

Tanto o persoal autorizado da FPGMX e da USC poderá usar o equipamento que se poña ao seu dispor para o cumprimento dos obxectivos recollidos neste Convenio, e comprométense ao bo uso e mantemento dos equipos empregados.

En caso de avarías ou mal funcionamento, comunicarse á parte propietaria do equipo correspondente para que se leven a cabo as actuacións necesarias para a súa reparación e posta a disposición.



A parte que teña asumido o mantemento e conservación dos bens será responsable dos danos que se ocasionen a terceiros ou ás dependencias do Centro, se se comprobase que foron debidos a un mal funcionamento ou unha mala conservación de ditos bens.

O equipamento xeral do CeGen-USC necesario para a realización dos traballos destinados ás consecución do obxecto do presente Convenio será o seguinte:

- Plataformas de xenotipado, análise epixenético e xenómica funcional.

- **Pipeteadores automáticos:** robots para a aspiración e dispensación automática de mostras biolóxicas e reactivos de laboratorio.

- **Termocicladores:** aparatos para a realización dos ciclos de temperatura necesarios para as reacción de amplificación, desnaturalización, fragmentación, marcaxe, secuenciamento, etc. dos ácidos nucleicos.

- **Sistemas de refrixeración:** conxeladores e neveiras para a almacenaxe e o mantemento de mostras biolóxicas e reactivos de laboratorio.

- **Pequeno equipamento de laboratorio:** micropipetas, centrífugas, axitadores, campás de filtro, etc.)

- **Equipamento informático:** ordenadores e servidores para a análise e almacenaxe de datos.

O equipamento xeral do FPGMX necesario para a realización dos traballos destinados ás consecución do obxecto do presente Convenio será o seguinte:

- **Plataformas de extracción de ADN:** extractores automático de ARN, extractores automáticos de ADN

- **Pipeteadores automáticos:** robots para a aspiración e dispensación automática de mostras biolóxicas e reactivos de laboratorio.

- **Plataformas de NGS:** plataformas de secuenciación masiva para paneis de xenes e exomas

- **Sistemas de refrixeración:** conxeladores e neveiras para a almacenaxe e o mantemento de mostras biolóxicas e reactivos de laboratorio.

- **Pequeno equipamento de laboratorio:** micropipetas, centrífugas, axitadores, campás de filtro, etc.)

- **Equipamento informático:** ordenadores e servidores para a análise e almacenaxe de datos.

CUARTA.- PLAN DE TRABAJO

A execución do plan de traballo pasará polo desenvolvemento das seguintes fases:

FASE I: Selección e xestión das mostras:

A FPGMX encargárase de seleccionar as mostras en base aos criterios establecidos polo persoal autorizado, e de preparar as mostras de ADN de acordo cos "Protocolos de preparación de mostras" elaborados polo CeGen-USC e a FPGMX, garantindo que cumpran os requirimentos de calidade establecidos para cada unha das análises a realizar. Todo este proceso deberá documentarse



explicitamente, seguindo as instrucións especificadas e realizarase antes da súa análise, e respectará estritamente a normativa en materia de obtención de mostras biolóxicas de orixe humana.

FASE II: Análise:

Para manter a necesaria coordinación entre os laboratorios, as análises a realizar comunicaranse por parte de FPGMX ao CeGen-USC mediante a aplicación informática acordada por ambas partes. Dito medio deberá gardar, ademais dos datos das mostras e análises requiridas, a data de inclusión da mesma de conformidade cos criterios de calidade.

O CeGen-USC deberá facerse responsable da integridade das mostras de ADN durante todo o proceso, a contar dende o momento da recepción das mesmas e ata a devolución das mesmas ao persoal da FPGMX.

FASE III: Especificacións das plataformas técnicas:

O CeGen-USC deberá realizar as análises destinadas á obtención de datos de xenotipado de variantes xenéticas e análise de niveis de metilación en mostras de ADN humano mediante a plataforma técnica adecuada a tales efectos, e deberá proporcionar á FPGMX datos de mostras de poboación control. A plataforma elixida deberá cumprir as necesarias garantías en materia de confidencialidade e protección de datos persoais.

FASE IV: Entrega de resultados:

Os datos derivados do xenotipado e/ou análise de niveis de metilación do ADN deberán estar dispoñibles nun prazo máximo de 30 días a contar dende a entrega das mostras. Dito prazo poderá modificarse por acordo das partes por motivos xustificados.

Como resultados das análises solicitadas, o CeGen-USC entregará á FPGMX:

1. Datos crus de xenotipado / análise de metilación: arquivos .CEL e .TXT.
2. Informe de calidade do xenotipado /análise de metilación.
3. Relación dos programas e parámetros empregados nas análises.

O CeGen-USC depositará estes resultados no repositorio localizado na FPGMX. No momento da finalización do proceso, facilitarase a descarga a través dos medios acordados por ambas partes no momento da elaboración do proxecto.

FASE V: Interpretación de resultados:

O persoal da FPGMX fará o control de calidade e interpretación os datos de xenotipado de variantes xenéticas e análise de niveis de metilación en mostras de ADN humano para a posterior análise e diagnóstico.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

O orzamento máximo estimado para o cumprimento das actividades recollidas no obxecto deste Convenio ascende a 669.962,38 euros que se farán efectivos con cargo aos recursos financeiros da FPGMX previa xustificación mensual polo Cegen-USC, de conformidade coa seguinte distribución:



Anualidade	Importe
2020	307.066,09 €
2021	334.981,19 €
2022	27.915,10 €
TOTAL	669.962,38 €

Dito importe destinarase á realización das diferentes actividades indicadas dentro do obxecto do convenio, sen que ningunha das partes obteña rendemento económico por este concepto.

Este importe total facturarase polo Cegen-USC segundo se vaia incorrendo nos custes asociados (persoal, subministros, etc.) en función das distintas actividades previstas e previa presentación por parte do Cegen-USC das correspondentes facturas ou certificados acreditativos dos gastos e dunha memoria económica xustificativa mensual onde se detallan, de xeito indubidable, os traballos realizados indicando os custes incorridos en aplicación deste convenio específico para a súa conformidade na Xefatura do laboratorio da área molecular da FPGMX. Dita xustificación será proporcionada pola unidade administrativa e de coordinación do Cegen-USC.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

As funcións de seguimento do cumprimento e execución do presente convenio específico serán exercidas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta do Convenio marco asinado o 16/1/19, á que lle corresponderá o exercicio das funcións previstas na cláusula sexta do mesmo.

SÉTIMA.- CONFIDENCIALIDADE, PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

As partes asumen as obrigas contidas na cláusula décima do convenio marco, asinado o 16/1/19, e comprométese a non difundir, baixo ningún concepto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra Parte ás que poida ter acceso no desenvolvemento do presente Convenio, agás consentimento expreso, e sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

Neste sentido, a parte receptora da citada información a manterá en confidencialidade e estrito secreto, e evitará revelala a calquera, fóra daqueles empregados autorizados e soamente naqueles temas necesarios para o obxecto deste Convenio específico.

Obríganse os participantes no presente convenio ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Así mesmo, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais así como no resto de lexislación vixente nesta materia, as partes se comprometen a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan



acceso en virtude do presente Convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan empregalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións negociables entre as partes.

En caso de incumprimento do estipulado nesta cláusula, a parte responsable do incumprimento e os traballadores que formen parte do equipo de traballo, serán responsables das infraccións que se deriven do mesmo.

A publicación de traballos científicos derivados do presente Convenio será comunicada e se fará referencia a participación de ambas entidades no apartado de Material e métodos o en agradecementos.

OITAVA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

De conformidade co previsto na cláusula undécima do convenio marco, a propiedade intelectual derivada das accións precisas para a materialización do obxecto do presente convenio específico repartirase en partes iguais entre a FPGMX e o Cegen-USC, e estará suxeita ás disposicións legais vixentes na materia, en concreto, ao Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e a os artigos 53 e seguintes da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.

Calquera uso de información obtida no cumprimento do presente convenio estará suxeita ao cumprimento da normativa vixente segundo a información e datos tratados, e deberá contar coa autorización e conformidade da outra parte. Así mesmo, deberá dispor da previa autorización e conformidade do Servizo Galego de Saúde e da USC.

Serán obxecto de protección os coñecementos técnicos, descubrimentos, invencións, datos e métodos analíticos.

NOVENA.- VIXENCIA.

O presente Convenio específico producirá efectos desde o momento da súa sinatura e manterase vixente até o 30 de marzo de 2022.

O Convenio poderá prorrogarse, por acordo unánime das partes, de acordo co límite establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. A posibilidade de prórroga estará vinculada á do convenio marco que serve de fundamento ao presente convenio específico.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Son causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

1. O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
2. O acordo unánime das partes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
Neste caso, calquera parte poderá formular á parte incumplidora un requirimento para que cumpra coas obrigas ou compromisos asumidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento do Convenio.
4. Por resolución xudicial.
5. Por resolución ou denuncia do convenio marco asinado o 16/1/19.



6. A denuncia expresa do convenio manifestada por calquera das partes con 3 meses de antelación.
7. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste Convenio ou nunha lei que sexa de aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN

O presente convenio específico de colaboración ten natureza administrativa, resultando de aplicación o previsto nas súas cláusulas e o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Este Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio específico suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio específico no lugar e data indicados.

Pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	Pola Universidade de Santiago e o CeGen-USC
Jesús Vázquez Almuiña	Antonio López Díaz